

**PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19  
NAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E  
COMPLEMENTARIAS ORGANIZADAS POLOS  
CENTROS EDUCATIVOS ASÍ COMO DE  
ACTIVIDADES DERIVADAS DE COLABORACIÓNS  
OU CONVENIOS**

**ADDENDA  
PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA  
TRANSMISIÓN DA COVID-19 NAS ACTIVIDADES  
EXTRAESCOLARES**

*Aprobado polo Comité Educativo de Persoas Expertas para afrontar a  
emerxencia sanitaria derivada da pandemia o 06/11/2020*

## **Consideracións xerais sobre actividades complementarias e extraescolares nos centros educativos:**

1. As actividades complementarias e extraescolares deberán axustarse ás indicacións reflectidas na Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria (DOG do 2 de setembro de 1997).
2. Dentro das atribucións que lle son propias, correspóndelle ao consello escolar do centro:
  - Aprobar o programa anual destas actividades elaborado polo equipo de actividades complementarias e extraescolares tal e como establece o artigo 75 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro.
  - Avaliar anualmente o desenvolvemento das actividades levadas a cabo.
  - Establecer, se é o caso, de acordo co regulado no artigo 78 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.
3. Estas actividades deben contar co seu propio protocolo de adaptación específico derivado da situación da Covid-19 que será inserido no Plan de adaptación do centro.
4. Deben manterse os grupos de convivencia estable ou gardarse as distancias de seguridade previstas nos protocolos con carácter xeral.
5. Cómpre priorizar as actividades no exterior pero evitando igualmente aglomeracións.

6. Deberase levar rexistro das persoas que participan nestas actividades, así como o lugar que ocupan, non podendo cambiar de compañeiros/as para limitar as interaccións e facilitar a localización de posibles contactos estreitos.
7. É preciso extremar as medidas de hixiene e ventilación antes, durante e despois da actividade.
8. Cando a actividade implique saída do centro e visita a algún lugar deberá coñecerse con antelación o protocolo Covid da instalación e deberá ser asumida e explicada ao alumnado de acordo á súa idade.
9. Nas saídas do centro educativo o número de profesorado acompañante debe ser tal que permita garantir as medidas de seguridade sanitarias.. Pódese tomar como referencia o establecido no ROC e axustalo á situación da actividade para garantir a seguridade sanitaria: o alumnado será acompañado polo profesorado correspondente na proporción como mínimo dun/dunha profesor/a por cada unidade. Un docente poderá acompañar máis dunha unidade sempre e cando o número total de alumnos/as non supere os 25 no caso de infantil e primaria, e os 30 no caso de secundaria.
10. Cando a actividade implique uso de transporte deberán extremarse as medidas de hixiene, por suposto será obrigatorio o uso de máscara e anotarase o lugar que ocupa o alumnado que será fixo nos dous sentidos do traxecto.
11. Cando as actividades supoñan a entrada no centro de persoal alleo este deberá coñecer previamente e asumir na súa totalidade o protocolo Covid e o Plan de adaptación do centro e asinar o compromiso de realizar a enquisa de autoavaliación antes da actividade. En ningún caso acudirán se teñen síntomas, de igual xeito que o persoal do centro. Tanto se se trata de actividades esporádicas como regulares o Equipo Covid estará informado en todo momento, así como o profesorado afectado e o PND que deba atendelo levando rexistro da súa presenza e interaccións.

12. Estas persoas alleas extremarán a hixiene á entrada e saída do centro, asegurarán o uso de máscara e manterán a distancia de seguridade.
13. As persoas que accedan a centros de xeito regular en virtude de convenios, tales como persoal da ONCE ou outras entidades que apoien o proceso de ensino-aprendizaxe na atención á diversidade, deberán asinar a mesma declaración responsable que asina o alumnado, coñecer e asumir o protocolo do centro e extremar as precaucións nas súas interaccións co resto da comunidade educativa.
14. No caso de acceso ao centro de persoas alleas ao centro deberán estar sempre acompañadas de persoal do centro.
15. En diversas actividades educativo-culturais colaboran concellos, por exemplo, en visitas guiadas (museos, etc.) ou en actividades deportivas, a partir dunha lexislación que establece o dobre uso das instalacións vinculadas aos centros mediante convenios. Así, cada centro educativo no que teñan lugar estas actividades trasladará ao concello de referencia o protocolo a efectos de coñecemento e coordinación das medidas preventivas.
16. As persoas responsables de verificar todo o procedemento serán os membros do Equipo Covid.
17. Deberán priorizarse, na medida do posible, as actividades virtuais.
18. Todas as actividades realizaranse sen público.
19. Recoméndase non realizar eventos ou celebracións con grande afluencia de persoas. No caso de terse que realizar cumpriranse estritamente as medidas de prevención (uso obrigatorio de máscaras) e aforos (50 por cento da capacidade) sempre que se permita manter a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros entre persoas. En todo caso, estarase ao que dispoñan as autoridades sanitarias e educativas en cada momento.